

## **Tratado da Santa Alianza**

No nome da Moi Santa e Indivisible Trinidad SSMM o Emperador de Austria, o Rei de Prusia e o Emperador de Rusia, como consecuencia dos grandes acontecementos que sinalaron o curso dos tres últimos anos [...] conviñeron os seguintes artigos:

Art. 1. Conforme ás palabras das Santas Escrituras que ordenan a todos os homes mirarse como irmáns [...] os tres monarcas contratantes permanecerán unidos polos lazos dunha indisoluble fraternidade e consideraranse patriotas e prestaranse en toda ocasión e en todo lugar asistencia, axuda e socorro [...] para protexer a relixión, a paz e a xustiza.

Art. 2. En consecuencia, o único principio en vigor [...] será o de prestarse reciprocamente servizo [...] o de considerarse membros dunha mesma nación cristiá, e os tres príncipes aliados non se considerarán a si mesmos máis que como delegados pola providencia para gobernar tres ramas dunha mesma familia: Austria, Prusia, Rusia.

## **A Santa Alianza**

En xuño de 1815, tras varios anos de guerra, o exército galo foi derrotado de vez na batalla de Waterloo. Ao emperador dos franceses, Napoleón Bonaparte, recluírono na illa de Santa Helena. O espallamento dos ideais revolucionarios de 1789 parecía chegar a un punto sen retorno.

As potencias vencedoras desexaban que a experiencia revolucionaria non se repetira. Para logralo, levantaron un sistema de seguridade colectiva asentado en varios piares: o Congreso de Viena e a Santa Alianza. É precisamente parte do pacto polo que se formou esta Alianza o documento que imos comentar de seguido. Pero cómpre explicar previamente o significado do Congreso de Viena.

En 1814, xa antes da derrota napoleónica, as catro potencias que resultaron vencedoras no conflito (Austria, Rusia, Prusia e o Reino Unido) reuníranse na cidade de Viena para reconfigurar o mapa europeo. Fíxose partindo de tres principios, que inspiraron os traballos do congreso: a lexitimidade dos soberanos fronte á idea da soberanía nacional, a necesidade dun equilibrio entre as grandes potencias e a solidariedade dos Estados fronte a novas tentativas revolucionarias. O Congreso de Viena enlazou co celebración periódica doutras reunións, en boa maneira como froito da iniciativa do chanceler austríaco Metternich. É o que se coñece como “sistema Metternich”.

Pero ademais, en setembro de 1815, “como consecuencia dos grandes acontecementos que sinalaron en Europa o curso dos tres últimos anos” (preámbulo), é dicir, como resposta ó período revolucionario e á aventura napoleónica, as potencias vencedoras de natureza absolutista (Austria, Prusia e Rusia) asinaron o pacto da Santa Alianza. Cómpre salientar, en primeiro lugar, que estamos ante un documento de carácter persoal antes ca estatal, pois asínano a título individual os monarcas das potencias implicadas: o emperador Francisco de Austria, Federico Guillherme de Prusia e o tsar Alexandre de Rusia. Do mesmo xeito, destaca o feito de que o pacto se asine na capital de Francia, quizais como un acto simbólico que representa a derrota revolucionaria fronte ás potencias absolutistas. Un feito que veremos repetido ao longo da Historia cando, por exemplo, se asinen os tratados que puxeron fin ás guerras franco-prusianas de 1870 ou á primeira Guerra Mundial.

Todo o documento zumega ideais absolutistas. En realidade é un texto máis doutrinal ca político, no sentido de que non apunta medidas concretas senón que constitúe unha declaración de principios: os da restauración absolutista. Non é casual, por exemplo, que principie cunha invocación á Divindade cristiá, á “Moi Santa e Indivisible Trindade”. Os monarcas absolutistas inciden deste xeito na idea dunha Europa cristiá por riba de aventuras laicistas. As referencias

relixiosas son unha constante ao longo do documento. Así, os monarcas actúan “conforme as palabras das Santas Escrituras” (art. 1); e, precisamente porque os tres monarcas teñen lazos dunha “indisoluble fraternidade” (art. 1), a cristiá; precisamente porque son membros dunha nación cristiá” (art. 2), están obrigadas a “prestarse reciprocamente” (art. 2) axuda fronte á revolución. Para defender estes valores, os monarcas asinantes invitaban as potencias que así o desexasen a ratificaren o Pacto da Santa Alianza (art. 3).

Malia que o Reino Unido tivera un papel fundamental na derrota napoleónica, non subscribiu este pacto por consideralo excesivamente ambiguo e se cadra tamén por razóns ideolóxicas. Por iso promoveu unha coalición, a coñecida como Cuádrupla Alianza, cuns obxectivos moito máis concretos, coma tal o compromiso de manter as fronteiras europeas ou o dereito a intervir nos países onde estoupara a revolución.

Desta maneira, as forzas partidarias da restauración do Antigo Réxime acababan de gañar unha partida. Pero o seu triunfo era só provisional. De feito, nada volveu ser igual ca antes de 1789. A Europa quedábanlle por diante anos de experiencias convulsas —os procesos revolucionarios de 1820, 1830 e 1848— nas que os ideais liberais, primeiro, e os democráticos despois, acabarían por triunfar.

Víctor Manuel Santidrián Arias